

BASES CERTAME LITERARIO

LETRAS GALEGAS 2021

Participación

Poderá participar calquera persoa que pertenza á comunidade educativa deste centro: alumnado, familiares directos e traballadoras/es.

Categorías

Establécense as seguintes:

- Educación Infantil
- 1º Ciclo de Primaria
- 2º Ciclo de Primaria
- 3º Ciclo de Primaria
- 1º Ciclo de Secundaria
- 2º Ciclo de Secundaria
- Categoría Especial
 - Adultos

Temática

Os traballos, de temática libre, deberán ser inéditos e, por suposto, estar redactados en lingua galega. Admítense as seguintes modalidades:

- **Prosa:**
 - Conto ou narración breve (cunha extensión máxima de dúas páxinas, impresas a unha cara e dobre espazo, ou tres manuscritas).
 - Microrrelatos (de non máis de 10 liñas)
- **Verso:**
 - Poema (cunha extensión máxima de dúas páxinas impresas a dobre espazo ou manuscritas).
 - Micropoema.

Presentación

Os traballos deberán ser enviados en formato electrónico, podendo tratarse dun documento de texto ou achegarse correctamente escaneada ou fotografada, á dirección de correo dinamizacion@lestonnacferrol.com.

O traballo non conterá o nome real do remitente, debendo, iso si constar no corpo do correo os seguintes datos, á fin de poder encadrarlo na categoría correspondente do certame:

Nome da/do remitente: _____.

Curso: (no caso de tratarse dun membro do alumnado)

Relación co centro: (no caso de tratarse dun adulto)

Premios

Resolveranse dous premios para cada categoría, existindo a posibilidade de decláralos desertos. Todos os premiados recibirán un diploma acreditativo.

Calquera dos traballos premiados poderá ser difundido en formato e medio decididos polo EDLG: publicación, páxina web, blog...

Prazo

A data límite de entrega será o martes 4 de maio.

Xurado

O xurado estará composto por membros do EDLG. A súa resolución, que será inapelable, será dada a coñecer o martes 18 de maio, formando parte do noso Acto das Letras virtual.

As nosas letras necesitan de novos escritores. Animádevos a participar!

Equipo de Dinamización da Lingua Galega do Colexio Lestonnac